

ACTA DA COMISIÓN AMBIENTAL DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2016

Acta da reunión da comisión ambiental ordinaria que tivo lugar o día 20 de xuño de 2016 ás 11:00 horas no Seminario 6, en segunda convocatoria, coa asistencia dos membros abaixo indicados^[1] e coa seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do decano en funcións.
3. Aprobación se procede, de propostas orientadas ás liñas do Green campus (sensibilización, concienciación e educación ambiental)
4. Suxestións e preguntas.

Comeza a sesión ás 11:00 horas, seguindo a orde do día.

(1) Apróbanse por unanimidade.

(2) O decano informa de que se teñen plantado no campus varias árbores por indicación do decano; unha araucaria e un castiñeiro entregado pola Comisión Unesco ao equipo decanal.

(3) En relación a solicitude de propostas orientadas ás liñas do Green Campus feita pola Vicerreitoría de Campus se presentan dúas propostas:

- A profesora M^a Mercedes Álvarez Lires propón unha liña de actuación relativa a “sustentabilidade con perspectiva de xénero” para desenrolar ao longo de primeiro e segundo cuadrimestre.
- O profesor Roberto Barcala Furelos, consultado pola comisión como IP do proxecto de innovación “Rutas cardiosaubles”, propón a posibilidade de ampliar o

¹ RELACIÓN DE ASISTENTES: Romo Pérez Vicente, Varela Casal Cristina, Álvarez Lires M^a Mercedes, Antón Ogando Ana, Blanco Pesqueira Antonia, Pérez Rodríguez Uxío

mencionado proxecto e implantalo no campus de cara ao segundo cuatrimestre do curso 2016/17.

A comisión insiste na necesidade de coñecer detalles xerais de organización e económicos para poder avanzar na planificación das propostas.

(4) Non hai

Remata a sesión as 11:20 horas.

Pontevedra, 20 de xuño de 2016.

A SECRETARIA

Vº E PRACE, O DECANO:

Asdo.: Cristina Varela Casal

Asdo.: Vicente Romo Pérez